



MOCIÓN

ADECUACIÓN DA ESTRADA C-550 PARA GARANTIR A SEGURIDADE VIAL NO ACCESO Ó CEMITERIO DE CARRIL

O Cemiterio de Carril, polo seu asentamento en relación coa estrada C-550, responsabilidade da Xunta de Galicia; Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, presenta un acceso que resulta moi perigoso, tanto para peóns como para vehículos.

Os veciños que deben desprazarse dende **Trabanca Sardiñeira**, cruzan sempre a estrada, sen que exista paso de peóns algún ou método de cruce alternativo (pasarela para peóns, semaforización...) que evite facer o paso pola estrada con evidente perigo para a integridade da persoa que precisa realizar o desprazamento ó cemiterio.

Acceder ó cemiterio dende **Bamio** supón, tamén, que debe cruzarse a calzada; resultando ademais que só dispón de pequena beirarrúa na beira esquerda (en dirección a Carril), agravando o perigo si o peón optase por precipitar o cruce en sentido contrario, á procura de non ter que cruzar posteriormente.

Para os peóns que se desprazan dende **Carril** pode supor que, nalgún caso, a realización do cruzamento sen a seguridade necesaria ou, no mellor dos casos, circular á beira da estrada sen que exista beirarrúa en todo o treito, co perigo que iso leva implícito.

Os vehículos que pretenden acceder ó cemiterio, circulando en dirección procedente de Carril, deben efectuar a viraxe xunto ó remate dunha curva (A Rosa) de moi escasa visibilidade e, consecuentemente, difícil manobra de freado.

Por todo isto, considerando a Seguridade Vial como obxectivo prioritario da xestión política, no referente a vías de circulación, o **Grupo Municipal do BNG** propón, que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte

A C O R D O :

Instar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a adopción das medidas que resulten máis adecuadas (ordenación, sinalización e dotacións) para garantir axeitadamente a Seguridade Vial, de persoas e vehículos, que deben acceder ó Cemiterio parroquial de Carril; especialmente dos propietarios de nichos e familiares residentes en Carril, Trabanca Sardiñeira e Bamio que, para ir ó cemiterio, deben cruzar a estrada C-550.

Vilagarcía, 21 de outubro de 2002

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE-CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA